



BOLETÍN 152  
XANEIRO 2022

# CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

## 80 ANIVERSARIO DO CLUB MONTAÑEIRO CELTAS

Ao abrigo do Real Club Celta de Vigo, o Club Montañeiros Celtas naceu no mes de febreiro de 1942 como fusión entre o Centro Excursionista de Galicia e a Pena Excursionista Viguesa. Tan só unha década despois, produciuse a separación do equipo de fútbol e comezou un proxecto que foi enlazando éxitos ata conseguir ser o mellor club desta categoría en toda Galicia.

O Club Montañeiros Celtas ten como principal obxectivo a práctica e difusión do montañismo en todas as súas facetas, así como dos deportes e actividades culturais que garden relación co mesmo.

Fiel a estes principios o Club Montañeiros Celtas mantivo unha actividade constante sempre en superación, que a, converteu nunha das entidades alpinas de maior prestixio da nosa nación, ostentando un historial de logro e éxitos que poden figurar entre as mellores páxinas escritas polo deporte vigués en todos os tempos.

80 anos de traballo e loita polo deporte, desde os inicios do alpinismo e excursionismo naquelas difíciles épocas ata a actualidade, prelude de futuros éxitos a conseguir nos máis importantes macizos, nacionais e estranxeiros.

Para festexar este aniversario estamos a planificar e retomar actividades como a Multiaventura Travesía da Ría (cruce a nado, bici, sendeirismo, escalada...). Tamén volverá o mítico Concurso de Fotografía de Montaña e outras sorpresas máis.

Agardamos contar con todas e todos vós neste aniversario tan especial.



### Seccións

|                            |   |
|----------------------------|---|
| Montaña.....               | 2 |
| Sendeiro.....              | 3 |
| Espleoloxía.....           | 4 |
| Infantil.....              | 5 |
| Cultura e M. Ambiente..... | 5 |
| Antonio Alemparte.....     | 6 |
| Bici de montaña.....       | 6 |
| Novas.....                 | 7 |

### Vindeiras Actividades

- Mendi Tour Vigo 2022
- Montañas de Trevinca
- Actividade Infantil-Xuvenil
- Bici de montaña
- Montañas de Trevinca
- Xeoparque Courel
- Pequemarcha

**CONFIDENCIALIDADE:** Segundo o Regulamento (UE) 2016/679 RGPD, o responsable do tratamento dos seus datos é CLUB MONTAÑEIRO CELTAS. A finalidade do tratamento é atender ás comunicacións de interese para ambas partes, sendo a base legal o consentimento outorgado. Non se cederán datos a terceiros. Se o desexa, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión, entre outros, tal e como se explica na información adicional que poderá obter remitindo un correo electrónico ó enderezo [administracion@celtas.gal](mailto:administracion@celtas.gal) ou nas oficinas do Club.

# MONTAÑA

## Montaña nos Picos de Europa (Valdeón) 4-8 de decembro

### UNHA CRÓNICA DE PICOS DE EUROPA

Apuntados a unha actividade de montaña en condicións de inverno pero coa ilusión de non sufrilo demasiado (excepto Carlos Pi, supoño), esta comitiva de montañeiros de condición variada, enfrontaba a ponte da constitución coas pilas a lume de biqueira. Todos os partes consultados convenceron ao máis boludo de que era unha mala idea acudir á actividade nesas condicións demenciais... choiva, vento e frío, pero tamén neve, moita neve na que enterrarse, expectativa de non saír da cegueira branca, co pensamento de se valería a pena dedicar catro días a padecer o mal das cabanas. Transportados nun autocar de tres eixos (característica que garante chegar onde non chega ningún), chegamos, sen novidade nin atasamiento ningún en túneles, a Santa Mariña de Valdeón. A primeira tarde convidouse á tropa a calzarse as raquetas e emprender un roteiro de consolación polos bulevares de montaña recentemente preparados pola organización; todo iso reboante de neve e esplendor invernal. Ao ir cun grupo de avezados montañeiros tiven que finxir que non estaba flipando con esas paraxes impresionantes. O albergue, de planta reducida, tiña no nivel de entrada un coqueto pero exíguo vestíbulo (convertido logo en secadero oficial), cociña ao carón e duchas ao fondo. Arriba de todo estaban os espazos de descanso: liteiras da catro encaixadas en cabinas de teléfono. O gran corredor que atravesaba de parede a parede funcionou como armario, cambiador, consultorio, feira de trueque... A planta do medio contaba cunha barra con billa de cervexa e un breve fornecido de licores; comedor e zona de cheminea con bancos. Ao outro extremo da sala, coa desculpa de que tiñan un puñado de libros nuns andeis, puxeron unhas butacas de feltro, unhas lámpadas de papel e denominaron secretamente o recuncho como "biblioteca". Comprobouse que espazos así mitigan moito a fatiga do excursionista. No soto sospeitamos que había un Jacuzzi con sauna (oíase un gorgoteo sospeitoso) pero ninguén nos ofreceu a chave. O segundo día a moral do grupo era alta, moi alta, así que con vento, choiva e frío saíuse ao roteiro con espírito xovial. Cada un as apañaba co seu propio equipo, a estas alturas despois de ver tantos



paraugas en O Courel, ninguén pode chamarse a engano coa auga... pero a realidade sempre se burla... desde o esquecemento de bastóns, do chubasqueiro, nin idea de camiñar con raquetas e comprobar con desgusto como a humidade campaba polo vello goretex das botas... houbo quen se meteu nun marrón; por fortuna os guías asesoraron en todo momento a quen ía a velas vir. O domingo alcanzamos un colado de certa importancia nos mapas (Vega de Ilos). Atravesáronse bosques de abetos, haxas e tilos con algún acivro inmiscido polo medio. Nalgúns momentos a postal fronte aos ollos, xurarías vela no National Geographic. O caso é que non convén dedicarlle moito intre á éxtase; se perdes o grupo empezas a palmar orientación e xa sabemos o que podería pasarche se te tomas a natureza coma se fose o parque de Castrelos. O luns, o guía de montaña titulado e Elvira lideraron a ascensión ao pico Cervera polo Colado da Remoña. Volveron todos. Os que xa tivemos suficientes sensacións de afundir as pernas ata os corvejones na neve esponxosa, optamos polo tramo do Cares desde Caín; a choiva, con todo mantivo o pulso firme e hostigou ao persoal mesmo no plan B. Antes da cea, esa tarde, reunidos na sala do albergue, tomouse a decisión de regresar a Vigo ao seguinte día. A previsión de gran nevada ameazaba estradas brancas bloqueando a retirada. En xeral aceptouse esta situación de bo grado, non creo que quedase moita roupa seca nas equipaxes. Aníbal O.



# MONTAÑA

## Xeoparque Montañas do Courel. Etapas 17 e 18 20 e 21 de novembro

Vaia finde para rematar o ano!! Menudas etapas!!

Dadas as previsións atmosféricas, alteramos un chisco os percursos para "saborear" intensamente o outono.

O sábado, Moreda-Rogueira-As Fontes-Campa e lagoa de Lucenza-A Seara, respiramos a Devesa da Rogueira cun falsollano de 750m de desnivel, con parada nas fontes calcaria e ferruginosa e xantando ao sol suave na subida á Campa da Lucenza. A vista da lagoa, na baixada, era preciosa, con auga e plantas ao sol e a compañía dos bidueiros, que estaban espectaculares, acompañados de reboleiras. Chegada á Seara onde nos recolleu o bus para voltar a Quiroga, onde pernoctamos.



Antes da cea completamos a finde cunha cata-degustación na adega Atrium Vitis de Quiroga, onde, coas explicacións de Ana, pasamos momentos divertidísimos con dous brancos e dous tintos que fixeron as delicias do grupo.

O domingo fixemos A Seara-Formigueiros-Boca da Rogueira-A Devesa cara o Alto do Couto-Moreda Maior-Moreda. (Pateada distinta da do día anterior). 640m de falsollano que tiraba do peito pero cunha temperatura e sol preciosos para xantar e descansar no cume do Formigueiros (1639m maior cume do Courel), ademais das vistas a Ancares, Manzaneda e Trevinca. Unha delicia!! Baixada polas fontes cara ao Alto do Couto e corredeiras ata Moreda. Todo tan bonito que un pequeno grupo case se pasa do percorrido. Menos mal que ao facer reconto notámolos en falta e non tardaron moito en aparecer. En fin...

Volta desde Moreda con parada (si, pa-ra-da) na de Mayra para hidratación breve....

Cafés, cervexas,... ambientazo entre os asistentes... cando de repente escóitase ponme outro viño e un pincho de chourizo. A min outra cervexa e un bocata de chourizo. Cóbrame un bote de mel. Tes chourizas para levar? Ponme algúns. Salchichón caseiro? Facédelos vós? Ponme algúns tamén. E neste,... explosión... Eu tamén quero mell!. Ponme outro viño e uns salchichóns para levar!. Eu quero dous botes de mell!. Eu tamén quero!. Outro viño para min!....

A ledicia inundou, e botou por fóra... Que temos que marchar, faise tarde, veña,... nada nin caso... E cando, con moito traballo vaise todo o grupo, despedímonos de Mayra e que vemos.... Un, cos veciños de charla, cunha copa de viño nunha man e un bocata de chourizo na outra... Pero? Tranquilo, remato e xa vou..... Volta a Vigo un pouco retrasada pero cunha inmensa felicidade... Unha cata de xamón na Cañiza?.... En fin.... Emilio B.

# SENDEIRO

## Sendeiro Cabo Udra 14 de decembro

Calquera pensaría que se trataba dun pateo azul polos carreiros e areais da beira do mar no día celeste... non só; Rosa tíñanos preparada unha grata sorpresa verde.

Nada máis saír ás 10 30 da praia de Area de Bon, perdemos de vista o mar para adentrarnos na vexetación que rodea o curso do Rego Nocado e dos seus muíños. Debido á humidade, desfrutamos do recendo a loureiro, espallado por todo o monte, e do aroma intenso cando cruzamos algún que outro eucalipto. Aquí comezou a colleita de *hydnum* e *cantharellus*, tarefa a cargo de dous sendeiristas e que se prolongou ó longo do percorrido.

Ó outro lado do cabo, no Monte Roxo, avistamos o mar e Bueu, fixemos unha pequena parada para seguir logo por barrios de Beluso ata saír xa á praia de Tuia, e na praia da Mourisca só puidemos asomar o nariz á factoría de salgadura desde o enreixado.

Xa no cabo Udra, uns xantamos na terraza do bar ao soliño, outros nas rochas observando o mar de fondo e as enormes ondadas que se erguían ó lonxe na illa de Ons. Na Aula da Natureza, que seica foi habilitada nas antigas edificacións militares que se construíran na Guerra Civil, aprendemos curiosidades como a vida sexual do polbo e a habilidade do seu terceiro brazo.

Seguindo pola costa cara ó sur, e pasadas as cinco da tarde, chegamos de novo ó lugar de partida. Rosa levounos uns dezaete quilómetros polas cores azuis e verdes de sendas non establecidas, os 650 metros de desnivel fixéronse amenos pola sorpresa da variedade paisaxística e polo estupendo día. Berta B.

# ESPELEOXÍA

## 25 + 1 Campamento Infantil—Xuvenil 30 de outubro—1 de novembro

Este ano quixemos organizar un encontro de espeleólogas e espeleólogos do Club co motivo da celebración do 25 aniversario (+1) daquel primeiro campamento infantil-xuvenil de espeleoloxía celebrado en Galicia. Despois deste viñeron outros moitos, un cada ano, onde todas e todos íanse sumando á historia da sección de espeleoloxía, amizades e convivencias.

Correspondía celebrar o 25 aniversario no ano 2020 e como a covid-19 impediuno propuxemos celebralo este ano, sumando así un ano espeleolóxico máis.

Realizámolo en O Courel. Fixemos base en Quiroga, onde nos aloxamos no albergue e centramos a actividade en Folgoso.

Ás 10:00h da mañá do sábado 30 de outubro, saímos de Vigo. Chegamos a Quiroga a tempo para facer unha visita guiada ao Museo

Xeolóxico de Quiroga, onde nos esperaba Ramón Vila para facernos de guía e transmisor dos seus coñecementos. No museo os rapaces puideron ver un pequeno vídeo sobre o Xeoparque Montañas do Courel e logo atenderon ás explicacións, dando mostras de interese e coñecemento polos distintos aspectos xeolóxicos, biolóxicos,...etc.

Unha vez rematado o xantar, fomos de ruta por varios miradores xeolóxicos da contorna (As Fontes, Pómez e o da Cubela), onde os rapaces puideron ver na realidade algunhas das cousas mostradas no museo xeolóxico de Quiroga, ademais dos nefastos efectos dos últimos incendios na comarca.

Chegamos a tempo de volta a Quiroga para desfrutar brevemente do ambiente de celebración do Samaín antes da cea no albergue. Logo a durmir que xa eran horas.

O domingo, despois do almorzo dirixímonos cara a parte alta do Courel, concretamente a Mostade, onde nos distribuímos para entrar na cova de Tara da Lastra. Algúns nenos era a primeira vez que se adentraban no mundo subterráneo, e outros xa contaban como lles fora noutras ocasións. Algo de choiva acompañounos ese día, pero nada que non impedise desfrutar do entorno e das covas. Un pequeno xogo na escuridade de cova puxo fin a esta visita onde puidemos ver algúns morcegos, insectos e máis e onde os rapaces aprenderon cousas novas de formacións de covas.

Despois de xantar, dirixímonos cara Noceda onde nos adentraríamos na Cova da Ceza. Esta cova nunca defrauda e fixo as delicias de todos e todas. Fixemos varios grupos e algúns chegaron ata a Sala da Ilusión, non dando máis tempo para chegar ao sifón. Fomos paseniño cara a saída, bastante mollados algúns que non levaban botas de auga, pero todos moi contentos. A cova co río sempre é diferente e nos amosa moitas cousas.

Saímos xa de noite (que rabia de cambio de hora) e cambiámonos baixo a choiva. Collemos os coches e fomos cara Santa Eufemia (Folgoso do Courel) onde encargáramos a cea, que nos deron na antiga escola que teñen rehabilitada. Alí fomos atendidos por Ana Marta (veciña da

zona e técnico de turismo do Concello de Folgoso) e Maira. En representación do Concello, agasalláronnos cunhas palabras de agradecemento pola celebración no Courel desta actividade e o obsequiáronnos a cada un cun tarro de mel dun produtor de Mercurín.

O luns, despois de almorzar e recoller todos os nosos bártulos, collemos rumbo cara Meiraos, parando de camiño no xeomirador de Campodola. En Meiraos tiñamos programada unha visita ao Centro de Interpretación das Covas. Guiados por Ana Marta, os participantes puideron recoñecer incluso nalgunha fotografía ou ben a outros membros de Celtas ou ben distintos lugares de covas que xa coñecían.

Unha pequena visita ao Val das Mouras fixo de remate desta cálida actividade. Moitas lembranzas e risas, xuntanzas con espeleólogos/as de todas as idades e experiencias. Moi bo sabor de boca que nos quedou. Carolina R.



## INFANTIL

### Actividade de Orientación 11 de setembro

A sección infantil segue na procura de novas aventuras. Nesta ocasión eliximos o mes de novembro para visitar o monte Aloia, que aínda que sexa coñecido por algunhas e descoñecido para outros, non deixa de ser un deses lugares cheos de recunchos, rochas...que explorar e descubrir, sons que escoitar, olores que ulir, e pequenos grandes tesouros que tocar.

O día non podía ser mellor, ceo despexado e temperatura tipicamente outonal, ideal para deixarnos envolver pola maxia dos olores e cores propios da estación, unha vez máis a montaña estábanos a regalar a mellor das imaxes.

Cando vas á montaña, ademais da natureza ás veces tes a oportunidade de coñecer a persoas moi interesantes, nos fomos afortunados pois coñecemos a Natalia e grazas a ela puidemos encher a nosa mochila

de novo vocabulario: nomes de pequenos e grandes animalíños e plantas que viven no parque, da importancia de ser responsables no coidado da natureza, da historia do parque, e de moitas cousas máis.

Tras un breve descanso, e despois de xantar, dos xogos de exploración, deu comezo o “laboratorio dos sentidos”, agora si que tocaba estar ben atentos e aprender a escoitar, ver, ulir, tocar, degustar...en definitiva, aprender e descubrir o noso entorno a través do uso dos nosos sentidos.

Foron momentos de nervios, risas e o mais importante...de traballar en equipo. Ben feito rapazas e rapaces!

Despois dun ir e vir, o cansazo fixo acto de presenza, que mellor momento para gozar dun chocolate ben quantiño acompañado duns biscoitos e galletas.

Cando estás a desfrutar, non sabemos o motivo pero parece que o tempo pasa mais veloz, e xunto foi o que aconteceu, chegou a hora de regresar a casa! toucou recoller a toda presa, iso si, sen esquecer deixar todo ben limpiño.

Grazas polo fantástico día! Vémonos na próxima aventura! Sonia A.



## CULTURA E M.AMBIENTE

### Pequemarcha Aloia 13 de novembro

O sábado 13 de novembro quedamos en Prado para facer a primeira das tres actividades para a xente menuda: facer a pequemarcha, ata o refuxio do Club no Aloia. Explicados os termos para guiarnos polas marcas do prg-2 (2º sendeiro marcado en Galicia, por Montañeiros Celtas), os e as peques foron guiando ao grupo, con paradifñas na Pedra do Acordo, para ver cogomelos, coñecer árbores,... ata o refuxio, onde xantamos fóra.

Logo de xantar, 2ª actividade: pequemarcha de orientación. En grupos, con mapa, tiñan que localizar as balizas achantadas nos arredores do refuxio e marcar as follas de control. Ilusionados, coas caras iluminadas, os distintos equipos saían ao monte cada certo tempo, para non molestarse. Mentres os menores de 5 anos facían o mesmo, nun circuíto guiado por fechas no chan.

E mentres isto ocorría, cun precioso día soleado, no refuxio preparábase a 3ª actividade: preparación das castañas e o chicolate con roscón para despedir a tempada, ata marzo 2022.

O pateo, a marcha de orientación o día soleado e a compañía fixeron as ledicias dos e das peques abríndolles o apetito e os sorrisos de xeito que pais/nais/familia os miraban con satisfacción. Unha marabilla!!! Emilio B.



# HOMENAXE

## Antonio Alemparte

Dóeme ter que facer hoxe unha reflexión sobre ti, sobre a túa personalidade e carácter, sobre quen fuches na túa vida montañeira e a túa relación coas persoas que che coñecemos. O lóxico é que foses ti o que me dedicases unhas palabras cando eu me retirase a ese monte do cal xa non se volve nunca. Para min, Antonio, a túa calidade máis sobresaínte foi sempre a humildade. Ese valor sempre tan pouco común dominaba a túa personalidade, xa fose na túa extensa experiencia montañeira como na sempre excelente relación coas persoas que tiveron a sorte de poder tratarche e coñecerte. Buscando a túa imaxe nas numerosas fotografías e diapositivas que teño custa moito traballo atoparche, nos grupos sempre aparece a túa cabeza ou medio corpo ao fondo, detrás de todo, na última fila, sempre nos lugares onde non habita o protagonismo. Sinceramente, creo que o lugar que che correspondía debería de ser sempre nas primeiras filas. Alemparte, recordo perfectamente cando entraches en Montañeiros Celtas, creo que foi no ano 1973, e xa desde o principio comezaches a asistir aos cursos da “Escola” (primeiro ENAM e despois EGAM). Realizaches numerosos cursos, desde os de Iniciación aos de Rocha pasando polo de Alpinismo que se efectuou nos Alpes Franceses e Suízos no ano 1984. O 1 de xaneiro do ano 1986 ingresaches na EGAM (Escola Galega de Alta Montaña) como Monitor de Iniciación ao Montañismo. Como parte do Profesorado da Escola, a túa disposición para o ensino do montañismo foi encomiable. Alemparte, podo asegurarche que formaches parte dese escollido número de persoas coas cales se podía contar en calquera momento, sempre estabas disposto a colaborar para que os cursos tivesen a maior calidade posible. Cando camiño só por estas montañas de Trevinca gústame pensar en todos vós -porqué xa sodes moitos os que emprendestes esa ascensión sen regreso-, gústame crear a imaxe inxenua e infantil dun grupo onde, desde Rafael Conde, Javi, Serafín, Fanchi, Santi, Melón, Sergio Cifuentes e outros máis, acompañados dos “maiores” como Antonio e Chito Veiga (a esta pequena relación habería que engadir bastantes nomes máis de queridos amigos e amigas) e agora ti tamén Alemparte como último en integrante o grupo, todos camiñando polo Crestón do Lombo do Rocín en dirección a Pena Trevinca, por suposto eu tamén estou nese grupo aínda que por agora non emprendín esa ascensión memorable e de obrigado cumprimento. Non é un adeus Alemparte é un “ata logo”, por que tanto ti como todos os demais amigos e amigas seguiredes ocupando un lugar preferente nas miñas/nosas imaxes e recordos. Dalgunha maneira sempre continuaredes vivindo entre nós. Un cariñoso recordo para Conchi, magnífica muller e constante compañeira, e Irene a súa filla, imaxe fiel de dúas moi boas persoas. Grazas pola túa amizade Antonio. Grazas por permitirme ser o teu AMIGO. DEICA LOGO! Cholo.



## BICI DE MONTAÑA

### Bici de montaña polos montes de Vigo 19 de decembro

As 15 persoas que participamos nesta actividade, realizamos un percorrido que se iniciou no parque forestal e que discorreu polo CUVI, Zamáns e Monte Galiñeiro. Realizamos unha visita aos petróglifos de “Auga da Laxe”, para iniciar o retorno por Herbille, San Cosme, Círculo Mercantil e volvendo ao parque forestal de Beade. En total, 28 quilómetros, nos que os participantes disfrutamos deste fermoso entorno natural que rodea a cidade de Vigo. E como colofón final a este ano raro de pandemia, rematamos celebrando a saída e o fin do ano de actividade de bicicleta (cando menos a oficial), tomándolle un cocido en Zamáns... do que demos boa conta!! E para o ano que ven preparadevos... seguiremos coa bici e os mosteiros... Oia, Armenteira, Oseira, Sobrado, Poio, Santo Estevo de Ribas de Sil, Montederramo... e incluso algún de Portugal... Xulio T.



# NOVAS

## MENDI TOUR VIGO 22

A 3ª Mostra de Cine de Montaña Mendi Tour Vigo 2022 terá lugar os vindeiros 8, 9 e 10 de febreiro no Auditorio do Concello de Vigo.

## ESQUÍ EN SAN ISIDRO

Como xa vén sendo tradición a fin de semana do 18 ao 20 de febreiro iremos á San Isidro coa sección de esquí. Existe a posibilidade de alugar material e reservar clases.

## XEOPARQUE COUREL

En marzo retomaremos as etapas do Xeoparque Montañas do Courel. Serán as etapas 19 e 20.

## SAÍDA A TREVINCA

Aproveitaremos o festivo local do 28 de marzo para realizar unha actividade nas montañas de Trevinca. Será do 26 ao 28 de marzo.

## CEA SOCIAL

Debido á situación actual e á sexta ola decidimos posponer a Cea social para o segundo trimestre do ano. Informaremos da nova data próximamente.

## WEB

A primeiros de ano inauguramos a nova páxina internet do Club. Visitade: [celtas.gal](http://celtas.gal)  
Para contactar co club:  
[info@celtas.gal](mailto:info@celtas.gal) ou [administración@celtas.gal](mailto:administración@celtas.gal)

## LICENZAS

Xa podedes tramitar as vosas licenzas.

As correspondentes ás Federacións de Montañismo e Espeleloxía teñen vixencia do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2022. A licenza da Federación de Actividades Subacuáticas ten vixencia durante o período dun ano natural.

Estar federado da dereito a participar con preferencia nas actividades federativas, participar nos cursos das Escolas de cada federación, uso de refuxios galegos e os que se teña convenio en cada federación, comunicacións periódicas, participar nas competicións oficiais de cada federación e outras vantaxes.

Antes de tramitar a vosa licenza, informádevos sobre as actividades que cubre cada Federación e a modalidade da licenza que máis vos convén, así coma dos descontos que se aplican.

Tedes toda a información no Club ou nas páxinas web das Federacións.

Fedérate!



**Publicorreo  
Óptimo**

## CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Avda. Camelias, 78 oficina k – 36211 Vigo

Teléfono 986 438 505 /   @clubmontaneiroseltas

[www.celtas.gal](http://www.celtas.gal) / [info@celtas.gal](mailto:info@celtas.gal)



# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Edita: Club Montañeiros Celtas Edición: Mónica Vila

Colaboran neste número: Sonia A., Berta B., Emilio B., Antonio F. (Cholo), Aníbal O., Carolina R., Xulio T., José Luis V.

